



GRAO EN QUÍMICA


INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

– CURSO 2020/2021 –

- A planificación, realización e publicación de resultados das Enquisas de Satisfacción coas Titulacións Oficiais da Universidade de Vigo é responsabilidade da [Área de Calidade da Universidade de Vigo](#).
- A información relativa a todo o proceso pode atoparse neste [enlace](#).
- Data da recollida de datos: Febreiro/Marzo 2022.

1. RESULTADOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN:

1.1. Resultados do Curso 2020/2021



Modelo de enquisa:

Universidade de Vigo

Área de Calidade

Enquisa de satisfacción do Alumnado coas Titulacións Oficiais curso 2020-2021						
Poboación:	Alumnado de grao que se matricula no curso (n-1), sendo "n" o nº de cursos totais nos que se estrutura o grao.					
Escala:	Alumnado de Mestrado que se matriculou nunha materia no curso "n", sendo "n" o nº de cursos totais nos que se estrutura o mestrado					
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:						
Dimensións	Bloques	Cuestións	Respostas			
1	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución e orde das materias no plan de estudos	De 1 a 5	
			2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	De 1 a 5	
			3	Os horarios da titulación	De 1 a 5	
			4	O calendario das probas de avaliación	De 1 a 5	
			5	A utilidade das prácticas da titulación	De 1 a 5	
			6	A orientación académica recibida no plan de acción tutorial	De 1 a 5	
	2	2	Información e transparencia	7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5
				8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, tableiros, pantallas audiovisuais...)	De 1 a 5
				10	A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...)	De 1 a 5
2	3	Sistema de garantía de calidade	11	As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.	De 1 a 5	
			12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	De 1 a 5	
	5	Recursos materiais e servizos	13	As aulas e o seu equipamento	De 1 a 5	
			14	Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento	De 1 a 5	
			15	Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento)	De 1 a 5	
			16	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	
			17	A formación adquirida	De 1 a 5	
			18	O cumprimento das túas expectativas formativas	De 1 a 5	
Preguntas abertas						
Xerais			19	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non	
			20	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta	
			21	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta	
			22	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta	



Febreiro - Xuño de 2021




Modelo de enquisa:

Universidade de Vigo
Área de Calidade

Enquisa de Satisfacción do Profesorado coas Titulacións Oficiais curso 2020-21						
Poboación: Profesorado que imparte docencia en graos e mestrados segundo o PDD						
Escala: De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)						
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:						
Dimensións		Bloques	Cuestións	Respostas		
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos	ns/nc e de 1 a 5
				2	A coordinación entre as materias do plan de estudos	ns/nc e de 1 a 5
				3	Os horarios da titulación	ns/nc e de 1 a 5
				4	O calendario das probas de avaliación	ns/nc e de 1 a 5
				5	As prácticas realizadas nas materias da titulación	ns/nc e de 1 a 5
				6	A orientación académica programada no plan de acción tutorial	ns/nc e de 1 a 5
	2	Información e transparencia	2	7	A accesibilidade da información sobre a titulación publicada na web	ns/nc e de 1 a 5
				8	A utilidade da información sobre a titulación publicada na web	ns/nc e de 1 a 5
				9	A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)	ns/nc e de 1 a 5
				10	A información sobre as actividades de extensión universitaria (actividades culturais, deportivas, sociais...)	ns/nc e de 1 a 5
				11	As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...)	ns/nc e de 1 a 5
2	Recursos	4	Recursos humanos	12	A atención do persoal de administración e servizos do centro	ns/nc e de 1 a 5
				13	A oferta de formación permanente da Universidade de Vigo para o profesorado	ns/nc e de 1 a 5
		5	Recursos materiais e servizos	14	As aulas e o seu equipamento	ns/nc e de 1 a 5
				15	Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento	ns/nc e de 1 a 5
				16	Os espazos auxiliares (biblioteca...) e o seu equipamento	ns/nc e de 1 a 5
				17	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	ns/nc e de 1 a 5
3	Resultados	6	Resultados de aprendizaxe	18	A formación adquirida polo estudiantado (coñecementos e contidos)	ns/nc e de 1 a 5
				19	A capacidade do estudiantado para aplicar as habilidades e destrezas adquiridas	ns/nc e de 1 a 5
Preguntas abertas						
	Xerais			20	En xeral, estou satisfeito coa titulación	Si / Non
		21	En xeral, que é o que máis valoras da titulación?	Resposta aberta		
		22	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta		
		23	Podés incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta		

Marzo - Xullo de 2021

Nota: A Área de Calidade realiza as enquisas de satisfacción do profesorado cada dous cursos.



Modelo de enquisa:


Universidade de Vigo

Área de Calidade

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2020-2021							
Poboación:		Alumnado que finalizou os seus estudos no curso 19/20					
Escala:		De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)					
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:							
Dimensións	Bloques	Cuestións			Respostas		
1	Xestión da titulación	1	Organización e desenvolvemento	1	A distribución das materias do plan de estudos	De 1 a 5	
				2	O grao de actualización dos contidos do plan de estudos	De 1 a 5	
				3	As metodoloxías empregadas para o desenvolvemento do ensino	De 1 a 5	
				4	A orientación académica recibida	De 1 a 5	
				5	A orientación profesional e laboral recibida	De 1 a 5	
				6	Os programas de mobilidade, de ser o caso	De 1 a 5	
	2	Sistema de garantía de calidade	2	Información e transparencia	7	A facilidade para atopar contidos na páxina web	De 1 a 5
					8	A utilidade da páxina web da titulación	De 1 a 5
					9	As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc..)	De 1 a 5
2	Recursos	3	Recursos humanos	10	O desempeño do profesorado	De 1 a 5	
				11	A atención do persoal de administración e servizos		
				12	As aulas e laboratorios	De 1 a 5	
				13	Espazos para o traballo autónomo (biblioteca., aulas TIC....)	De 1 a 5	
				14	As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia	De 1 a 5	
3	Resultados de aprendizaxe	4	Recursos materiais e servizos	15	A formación adquirida	De 1 a 5	
				16	A utilidade da formación recibida para a carreira profesional	De 1 a 5	
4	Prácticas e experiencia	7	Prácticas Externas	17	Realizou algunha práctica externa	Si / Non	
				18	Formación adquirida na práctica.	De 1 a 5	
				19	Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación	De 1 a 5	
				20	Duración das prácticas	De 1 a 5	
				21	Traballa ou traballou nalgún ámbito relacionado coa titulación?	Si / Non	
				22	Indique o tempo que lle levou atopalo	Menos de 3 meses/ Entre 3 a 12 meses/ Máis dun ano	
		8	Experiencia profesional	23	Recomendaría esta titulación a outras persoas?	Si / Non	
				24	En xeral, que é o que máis valora da titulación?	Resposta aberta	
Preguntas abertas							
Xerais				25	Que melloras se poderían incorporar á titulación?	Resposta aberta	
				26	Podes incluír outros comentarios ou matizacións que consideres	Resposta aberta	



23 de Febreiro - 10 de Xuño de 2021



Modelo de enquisa:


Universidade de Vigo

Área de Calidade

Enquisa de satisfacción das persoas tituladas coas titulacións curso 2020-2021						
Poboación:		Persoal de Administración e Servizos en activo nos centros				
Escala:		De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)				
Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:						
Dimensións	Bloques	Cuestións				Respostas
1	1	Información xeral sobre o centro e as súas titulacións	1	A información dispoñible para o alumnado	De 1 a 5	
			2	A información recibida para o desenvolvemento do seu traballo	De 1 a 5	
			3	A información dispoñible na páxina web do centro	De 1 a 5	
	2	Comunicación	4	A comunicación cos/as responsables académicos/as do centro, departamentos e titulacións	De 1 a 5	
			5	A comunicación co alumnado	De 1 a 5	
			6	A comunicación co profesorado	De 1 a 5	
			7	A comunicación con outros servizos que traballan no ámbito académico	De 1 a 5	
2	3	Recursos humanos	8	A formación para facilitar o desempeño das súas funcións.	De 1 a 5	
			9	A dotación do PAS adscrito	De 1 a 5	
	4	Recursos materiais e servizos	10	As instalacións e o equipamento onde se desenvolven as titulacións do centro	De 1 a 5	
			11	As instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo	De 1 a 5	
3	5	Xestión da calidade	12	A información dispoñible sobre a xestión da calidade	De 1 a 5	
			13	As canles para realizar queixas, suxestións e parabéns	De 1 a 5	
	6	Xeral	14	As vías de participación para a mellora da calidade	De 1 a 5	
			15	A xestión das titulacións	De 1 a 5	
Preguntas abertas						
4	Preguntas abertas	7	23	Que é que é o que máis valora das titulacións?	Resposta aberta	
			24	Que melloras considera que se deberían incorporar ás titulacións?	Resposta aberta	

25 de Febreiro - 10 de Xuño de 2021

Nota: A Área de Calidade realiza as enquisas de satisfacción do PAS cada dous cursos.



Modelo de enquisa:

Universidade de Vigo


Área de Calidade

**Enquisa de satisfacción das Entidades Empregadoras coas Titulacións Oficiais
curso 2020-2021**


Poboación:	Organizacións seleccionas por a súa relevancia polos centros e/ou titulacións
Escala: De 1 (máis negativo) a 5 puntos (máis positivo)	

Indique, por favor, se vostede está satisfeito/a con:			
Cuestións		Respostas	
1		O nivel de adecuación da formación ao perfil profesional das persoas tituladas	De 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)
2		O nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas	De 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)
3		O valor que aportan as persoas tituladas á súa empresa	De 1 (máis negativo) a 5 (máis positivo)
4		Se tivese que contratar de novo, faríao entre persoas con esta mesma titulación da Universidade de Vigo?	Si / Non
	4.a	En caso negativo, cales serían os motivos?	A) Formativos B) Económicos C) Outros
5		En xeral, que é o que máis valora das persoas tituladas?	A) Formación B) Actitude C) Capacidade D) Outra
6		Cales son as competencias máis relevantes que deben posuír as persoas tituladas, segundo a súa opinión?	A) Prácticas B) Coñecemento de linguas estranxeiras C) Interpersoais D) Resolución de problemas e toma de decisións E) Outras
7		Que melloras considera que se deberían de incorporar á titulación?	A) Formación adaptada e/ou actualizada B) Maior formación práctica C) Mellorar o nivel en linguas D) Afondar en competencias transversais E) Outras


1.2. Evolución histórica dos Indicadores de Satisfacción:





Nota: No curso 2017/2018 modificouse o modelo de enquisa para reformular e reordenar preguntas. Na figura se inclúen os indicadores de satisfacción comúns a ambos modelos de enquisa.






Nota: No curso 2014/2015 modificouse o modelo de enquisa e a escala de valoración (cambiou de 1-7 a 1-5), polo que os indicadores se reaxustaron para comparar a evolución histórica. No curso 2020/2021 modificouse o modelo de enquisa para reformular e reordenar preguntas, reducíndose o número de bloques (de 7 a 6). Na figura se inclúen os indicadores de satisfacción comúns a ambos modelos de enquisa.




Nota: No curso 2017/2018 se modificou o modelo de enquisa para reformular e reordenar preguntas. No curso 2019/2020 incluíuse o ítem “Prácticas externas” no modelo de enquisa. Na figura se inclúen os indicadores de satisfacción comúns a ambos modelos de enquisa.



1.3. Comparación do Grao en Química cos graos en Ciencias, cos graos da Universidade de Vigo e coa Universidade de Vigo globalmente:





2. ANÁLISE DOS RESULTADOS DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN

2.1. ALUMNADO:

As Enquisas de Satisfacción realizadas ó alumnado indican que o grao de satisfacción xeral dos estudantes do Grao en Química no curso 2020/2021 se pode considerar baixo, xa que acadada unha valoración de 2.3/5, resultado moi inferior ó acadado nos cursos anteriores (3.0-3.4/5). Todos os Ítems nos que se agrupan as preguntas da enquisa están lonxe de acadar o valor considerado axeitado (3.0/5).

A pesares da relativa estabilidade en cursos académicos sucesivos das valoracións das preguntas correspondentes á maioría dos bloques, a análise da evolución da satisfacción nos derradeiros cinco cursos para os aspectos comparables entre enquisas amosa un cambio de tendencia moi evidente con respecto a cursos anteriores. Así, todas as valoracións dos 7 bloques avaliados sofren unha diminución de entre 0.7-1.4 puntos con respecto ás valoracións correspondentes ó curso 2019/2020, recibindo valoracións no intervalo 1.7 a 2.5.

Por último, se se comparan os resultados do Grao en Química do curso 2020/2021 cos resultados promedio para os cinco graos do ámbito científico que se imparten na Universidade de Vigo (Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Ciencias Ambientais, Bioloxía, Ciencias do Mar e Química) e co promedio global dos graos da Universidade, se observa que os distintos indicadores para o Grao en Química son, a diferenza do observado en cursos anteriores, moi inferiores.

Por todo o anterior, a tendencia dos distintos ítems deberá ser obxecto de especial atención en futuras enquisas de satisfacción. Ademais, se considera moi necesario reforzar as medidas de comunicación que permitan incrementar os niveis de participación do estudantado nas enquisas de satisfacción e mellorar a percepción das medidas levadas a cabo de acordo coas demandas do estudantado, especialmente no relativo ó ítem *Organización e desenvolvemento*. Ademais, é importante verificar se aspectos asociados á implantación do novo plan de estudos se poñen de manifesto nas enquisas de satisfacción do alumnado a partires do curso 2021/2022, primeiro curso no que participará o alumnado matriculado en dito plan.

2.2. PROFESORADO:

As Enquisas de Satisfacción realizadas ó profesorado indican que o grao de satisfacción xeral do profesorado do Grao en Química no curso 2020/2021 se pode considerar moi satisfactorio, xa que acadada 4.1/5, valor moi similar ó correspondiente ó curso 2018/2019, último valor dispoñible xa que a Área de Calidade realiza as enquisas de profesorado

con periodicidade bienal. Ademais, se debe considerar positivamente que todos os ítems nos que se agrupan as preguntas da enquisa están moi claramente por enriba do valor considerado axeitado (3.0/5), con valores no intervalo de 3.7 a 4.4/5.

Se se consideran os resultados para os tres últimos cursos nos que se ten realizado o mesmo modelo de enquisa (2014/2015-2020/2021), a análise da evolución da satisfacción amosa unha tendencia claramente positiva, xa que os resultados de todos os ítems para o curso 2020/2021 aumentan no período considerado.

Cabe destacar que os indicadores de satisfacción correspondentes ó profesorado do Grao en Química son, no curso 2020/2021, comparables ós resultados promedio para os cinco graos do ámbito científico e para toda a Universidade de Vigo coma consecuencia da mellora descrita anteriormente. De feito, a pesar da tendencia positiva observada nas enquisas de satisfacción previas, os indicadores do Grao en Química se atopaban por debaixo da media de xeito sistemático, o cal era atribuído ó carácter especialmente crítico ou esixente do profesorado do centro en reunións da Comisión de Calidade da Facultade de Química.

Así, os resultados das Enquisas de Satisfacción do Profesorado poden considerarse satisfactorios e, ademais, acadan as metas fixadas nos *Obxectivos e Política de Calidade da Facultade de Química* para o *Grao de Satisfacción Xeral do Profesorado* (>3.5 sobre 5) e *Planificación e Desenvolvemento das Ensinanzas* (>3.7 sobre 5).

2.3. PERSOAS TITULADAS:

O Grao de Satisfacción global das persoas tituladas co Grao en Química se pode considerar satisfactorio, xa que acada 3.8/5, unha valoración notablemente superior ós primeiros datos do curso 2015/2016 (3.2/5) e similar á acadada nas enquisas posteriores a dito curso académico (3.8-4.0). Ademais, a maioría das valoracións dos distintos ítems da enquisa se atopan por encima de 3.7 puntos, destacando, especialmente, os ítems *Resultados de aprendizaxe* (4.3), *Recursos humanos* (4.5) e as *Prácticas externas* (4.6). Cabe indicar que a materia optativa *Prácticas Externas* foi implantada no curso 2018/2019, o cal permite que os estudantes teñan a posibilidade de realizar prácticas que son incluídas nos seus expedientes académicos.

Aínda que os distintos ítems da enquisa reciben valoracións satisfactorias, cabe indicar que os ítems *Organización e desenvolvemento*, *Información e transparencia*, *Sistema de Garantía de Calidade e Recursos materiais e servizos* experimentan una lixeira diminución con respecto ó curso 2019/2020. Polo contrario, cabe destacar a tendencia claramente positiva do tres ítems restantes. Nos últimos anos se ten observado que o ítem dedicado á *Organización e Desenvolvemento* amosa unha melloría significativa cando se comparan os resultados dos estudantes e dos titulados, o cal suxire que a perspectiva dos estudantes sobre a organización do Grao cambia positivamente cando éstos abandonan os seus estudos. No curso 2020/2021 se acada a maior diferenza neste sentido, coma consecuencia das boas valoracións dos titulados e, pola contra, as valoracións excepcionalmente baixas do alumnado. En calquera caso, estes resultados confirman que as accións de orientación e a promoción das prácticas externas e de mobilidade levadas a cabo nos últimos anos están a funcionar axeitadamente, incrementando a satisfacción dos estudantes ós que van dirixidas de xeito significativo.

A comparación dos resultados para os titulados do Grao en Química cos resultados promedio para os cinco graos de ámbito científico e con todos os graos da Universidade de Vigo amosan que as valoracións para o Grao en Química están por enriba da media para os graos en Ciencias e para todos os graos da Universidade de Vigo. É especialmente significativo que nos apartados *Recursos Humanos*, *Resultados de aprendizaxe* e *Prácticas Externas* as valoracións para o Grao en Química están notablemente por enriba (0.5-0.9 puntos) da valoración dos graos da Universidade de Vigo.

En resumo, os datos sobre a satisfacción dos graduados en Química se poden considerar claramente satisfactorios. Sen embargo, a mostra temporal aínda é pequena, polo que convén dispoñer de resultados de máis cursos académicos para confirmar as tendencias observadas.

2.4. PAS:




Os resultados das Enquisas de Satisfacción realizadas ó PAS no curso 2020/2021 son, en termos xerais, satisfactorios, xa que na práctica totalidade dos indicadores de satisfacción se acadaron valoracións superiores a 3.5/5, acadando incluso a máxima valoración no ítem de Comunicación (5.0/5). Dado que a Área de Calidade da Universidade de Vigo realiza as Enquisas de Satisfacción ó Persoal de Administración y Servicios (PAS) con periodicidade bienal, os únicos datos previos dos que se dispón para o PAS corresponden ós cursos 2015/2016, primeiro no que se realizaron as Enquisas de Satisfacción, e 2018/2019. A pesares das boas valoracións do curso 2020/2021, se observa unha lixeira diminución dos resultados de varios dos ítems da enquisa en comparación co último curso obxecto de avaliación que, non obstante, supón unha mellora con respecto ós resultados acadados no curso 2015/2016.




A comparación dos resultados do curso 2020/2021 para a Facultade de Química (que inclúen os resultados para o Grao en Química e os másteres que se imparten no centro) cos centros nos que se imparten titulacións de Ciencias da Universidade de Vigo ou o promedio de toda a Universidade amosou que a valoración da Facultade de Química é comparable ou moi lixeiramente superior ás de outras titulacións de ciencias. Polo anterior, os resultados acadados no colectivo do PAS se consideran satisfactorios e se espera dispoñer de información de cursos sucesivos para confirmar esta tendencia.




2.5. EMPREGADORES:

No curso académico 2020/2021 tamén se realizaron as Enquisas de Satisfacción a empregadores. A información dispoñible indica que a valoración dos empregadores é claramente positiva, xa que o nivel de satisfacción xeral acada 4.5/5 e se sitúa por enriba de 4.4/5 puntos en todos os indicadores. Ademais, a comparación cos resultados do curso 2020/2021 amosa un incremento significativo dos distintos indicadores, o que indica un alto e crecente nivel de satisfacción dos empregadores cos titulados da Universidade de Vigo.

3. PARTICIPACIÓN E EVOLUCIÓN DA PARTICIPACIÓN NAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN:







4. ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN NAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN:

A participación do alumnado do Grao en Química nas Enquisas de Satisfacción (24%) diminuíu de xeito significativo con respecto ós cursos previos nos que a participación se mantivo no intervalo 44-52% desde o curso 2015/2016. Se ben as accións de divulgación levadas a cabo durante os últimos cursos académicos (charlas informativas, correos electrónicos periódicos recordando a importancia das mesmas, etc.) tanto de maneira institucional pola área de Calidade da Universidade como a nivel interno polo equipo directivo da Facultade permitiron acadar niveis de participación satisfactorios, a participación do alumnado no Grao en Química é, no curso 2020/2021, inferior á participación media nos graos da Universidade (32%). A participación do alumnado da Facultade de Química no curso 2020/2021 se considera insuficiente, polo que comprende reforzar as medidas de divulgación para recuperar, en vindeiros cursos, os niveis de participación acadados con anterioridade.

Os resultados relativos á participación do profesorado nas Enquisas de Satisfacción acadan niveis de participación equivalentes (48%) ós correspondentes ó curso académico 2018/2019 (46%). Este valores, á súa vez, atópanse entre os niveis de participación mínimo (24%, curso 2012/2013) e máximo (77%, curso 2016/2017) acadados nas enquisas realizadas na última década. A participación do profesorado que imparte no Grao en Química é similar á correspondente a graos científicos (51%) e á media global da Universidade de Vigo (46%). Se ben o dato de participación se pode considerar satisfactorio, cabe considerar a intensificación de actividades de divulgación que permitan recuperar os niveis de participación de cursos anteriores.

No caso do alumnado titulado, a participación dos graduados en Química (11%) no curso 2020/2021 é lixeiramente inferior á dos graos científicos (38%) e á media da Universidade de Vigo (39%). A participación experimentou unha diminución importante con respecto ó curso 2019/2020, ó igual que ocorreu en termo medio noutras titulacións da Universidade. Compre recordar ó estudantado dos últimos cursos a conveniencia de participar nestas enquisas cando teñan finalizado os estudos na Facultade, xa que contribúen a proporcionar información moi valiosa sobre o estudantado egresado.

A participación media do PAS na Universidade de Vigo nas enquisas de satisfacción do curso 2020/2021 (último dispoñible) experimentou un notable retroceso con respecto ó curso 2018/2019. Así, unicamente participou nas enquisas de satisfacción un 7% do PAS da Facultade de Química. Pola súa banda, a participación media para as titulacións do ámbito científico e da Universidade de Vigo, foi do 13% e 20%, respectivamente. De acordo co anterior, sería conveniente mellorar os niveis de participación para dispoñer de información máis representativa do grupo de interese.

No caso dos empregadores, a participación media no curso 2020/2021 aumentou moi significativamente (92%) con respecto ós cursos anteriores (14-34% no período 2015/2016-2019/2020), o cal se considera moi satisfactorio xa que as mostras sobre a satisfacción das entidades empregadoras presentan unha alta representatividade.

Como conclusión, se considera necesario incrementar os datos de participación para o Grao en Química e as titulacións de posgrao que se imparten na Facultade de Química, de xeito que permitan apoiar os resultados das enquisas porque se obteñen a partir de mostras representativas.